



Concellaría de Promoción  
Económica e Comercio

**SANTIAGO SABE  
A EMOCIÓN**

**FÓRUM  
GASTRONÓMICO  
SANTIAGO'10**

# CONCURSO ESCAPARATISMO FÓRUM GASTRONÓMICO

## BASES

1. Poderán participar no **Concurso de Escaparatismo Fórum Gastronómico 2010**, todos os establecementos comerciais de Compostela.

2. As inscricións formalizaranse por escrito enviando o formulario ao correo electrónico [sae@santiagodecompostela.org](mailto:sae@santiagodecompostela.org) ou ao fax **981 54 24 92**.

3. A inscrición é de balde.

4. A data tope de inscrición será o día **9 de febreiro de 2010**.

5. Os motivos dos escaparates **vincularanse á gastronomía**.

6. A Organización facilitará **un elemento decorativo relativo ao Fórum Gastronómico 2010** que deberá necesariamente estar presente na decoración do escaparate. Dito elemento consistirá nun **mandil negro coa imaxe do Fórum Gastronómico 2010**. Polo demais, os establecementos terán completa liberdade para elixir as técnicas, materiais e estilos expositivos.

7. Os establecementos que participen no concurso deberán estar identificados cun distintivo que achegará a Organización e permanecerán iluminados ate as 23 h. A organización poderá establecer exencións a esta norma xustificadas por motivos de seguridade que esixan a retirada da mercadoría exposta nos escaparates.

8. O xurado estará composto por:

- Representantes das asociacións do sector comercial da cidade.
- Un representante da Cámara de Comercio.
- Un representante da organización do Fórum Gastronómico 2010.
- Un profesional convidado independente.
- Un representante da Concellaría de Promoción Económica e Comercio, con voz pero sen voto.

9. O xurado valorará especialmente os seguintes criterios:

- Orixinalidade.
- Adecuación da ambientación á temática gastronómica do concurso.
- Integración do elemento decorativo facilitado pola Organización.
- Eficacia da mensaxe publicitaria.

10. A visita valorativa do xurado realizarase entre os días 11 e 16 de febreiro de 2010. Os escaparates que non se atopen instalados no momento da visita valorativa quedarán excluídos do concurso.

11. Os comercios deberán manter os escaparates presentados a concurso, sexan ou non premiados, ata, cando menos, o 25 de febreiro de 2010.

12. O xurado designará os tres mellores escaparates. O premio consistirá nun espazo publicitario a cor en prensa local.

13. O ditame do xurado darase a coñecer a partires do día 17 de febreiro de 2010 mediante notificación individual a cada un dos premiados e mais na páxina web da Concellaría de Promoción Económica [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org) e na do Fórum Gastronómico 2010 [www.forumsantiago.com](http://www.forumsantiago.com).

14. A participación no presente concurso implica a aceptación das presentes bases.

## FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

AS INSCRIPCIÓNS FORMALIZARANSE POR ESCRITO ENVIANDO ESTE FORMULARIO A:

correo electrónico · [sae@santiagodecompostela.org](mailto:sae@santiagodecompostela.org) fax · **981 54 24 92** + info · **981 54 24 93**

estabelecemento:

sector:

nome e apelidos da persoa propietaria:

endereço:

teléfonos:

fax:

correo electrónico:

web:

Confirmo a participación do establecemento no Concurso de Escaparatismo Fórum Gastronómico 2010 e acepto as súas bases.  
Asdo.

Marque o cadro se desexa recibir información sobre outros programas, concursos e convocatorias da Concellaría de Promoción Económica.